



UNIVERSIDADE DE
SANTIAGO DE COMPOSTELA



As normas de xestión académica recollen no seu apartado III que as materias do plano de estudos que estea a cursar un alumno e que foran superadas por este para seren imputadas como materias de libre configuración noutra titulación, serán aplicadas ó seu expediente e figurarán coa cualificación obtida. Por outra banda a norma 14.4 recolle que os exames de fin de carreira dos planos renovados deberán ter lugar entre os meses de decembro e xaneiro.

Estas normas, en canto ó reflexo nos expedientes académicos dos alumnos e os certificados académicos expedidos, teñen varias formas de aplicación posibles. Polo que co fin de unificar criterios esta Secretaría Xeral dicta a seguinte:



INSTRUCCIÓN

PRIMEIRO.- Nos expedientes dos alumnos de planos renovados e nos certificados que dos mesmos se expidan a convocatoria de fin de carreira reflexarase sempre como decembro, independentemente de que os exames tiveran lugar no mes de xaneiro.

SEGUNDO.- Nos certificados e expedientes académicos dos alumnos dun plano renovado que inclúan materias deste plano aprobadas polo alumno para ser imputadas como materias de libre configuración noutra titulación, incluírase un asterisco (*) a continuación da cualificación destas materias e, o final do documento engadirase una dilixencia co seguinte texto:

"As materias marcadas cun asterisco () foron cursadas polo alumno como materias de libre configuración noutra titulación (Norma III do acordo da xunta de goberno polo que se aproban as Normas de Xestión Académica -D.O.G. do 14 de xaneiro de 1999)"*

Santiago de Compostela, 4 de marzo de 1999
O SECRETARIO XERAL,

Gumersindo Ginarte Cabada

SR. VICERRECTOR DE ORDENACIÓN ACADÉMICA E TITULACIÓN; SR. VICEXERENTE DO CAMPUS DE LUGO; SRA. XEFA DO SERVICIO DE ALUMNADO; SR. XEFE DOS SERVICIOS INFORMÁTICOS; SR. DIRECTOR DO C.O.I.E.; SRS/A XEFES/A DAS UNIDADES DE XESTIÓN ACADÉMICA